

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 7/98.

ID: 674

1ª R E S O L U C I Ó N

PRESIDENTE EN FUNCIONS:

Don Emilio Sánchez Coto.

VOCALIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don Manuel Veiga Franco.

SECRETARIO:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a catorce de decembro de mil novecentos noventa e nove, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 7/98 para a posible clasificación como veciñais en man común dos montes " SERRA DE SAN MARTIÑO, SERRA PEQUENA e PORTO DOS LOBOS ", no concello de MONFORTE DE LEMOS, iniciado por acordo do Xurado coa data do 26 de maio de 1998, sendo vocal instructor do mesmo DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO:** Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 15 de xuño de 1998), iniciouse o expediente número 7/98 (por instancia de DON JUAN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, veciño da parroquia de CHAO DE FABEIRO, concello de MONFORTE DE LEMOS), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da ACTA da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

**SEGUNDO:** Coa data do 20 de agosto de 1998, recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se os montes de referencia figuran incluídos ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

**TERCEIRO:** Coa data do 26 de agosto de 1998, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que os montes " **SERRA DE SAN MARTIÑO, SERRA PEQUENA e PORTO DOS LOBOS** ", non figuran incluídos no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

**CUARTO:** Coa data do 31 de agosto de 1998 (rexistro de saída número 80.274 do día 4 de setembro do mesmo ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS** os documentos seguintes: 1º) certificación dos asentos que poidan afectar ós terreos en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estean inscritos, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e 2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

**QUINTO:** Coa data do 10 de setembro de 1998, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS**, na que se fai constar que os montes coñecidos como " **SERRA DE SAN MARTIÑO, SERRA PEQUENA e PORTO DOS LOBOS** " non figuran inscritos nese Rexistro tal e como se describen na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de LUGO, e que non existe presentado e pendente de despacho no libro Diario ningún documento referente ós predios que se certifican.

**SEXTO:** Coa data do 20 de xaneiro de 1999, comunicóuselle ó Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente a iniciación do expediente.

**SÉTIMO:** Coa data do 20 de xaneiro de 1999 (rexistro de saída número 6.422 do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó alcalde de barrio da parroquia de **CHAO DE FABEIRO**, concello de **MONFORTE DE LEMOS**, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente dos montes " **SERRA DE SAN MARTIÑO, SERRA PEQUENA e PORTO DOS LOBOS** ", (con voz pero sen voto).

**OITAVO:** Coa data do 20 de xaneiro de 1999 (rexistro de saída número 6.442 do mesmo día, mes e ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no D.O.G., poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

**NOVENO:** Coa data do 20 de xaneiro de 1999 (rexistros de saída números 6.451 e 6.456, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó concello de **MONFORTE DE LEMOS** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertencen os citados montes.

**DÉCIMO:** Coa data do 20 de xaneiro de 1999 (rexistro de saída número 6.467 do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS** a iniciación do expediente e solicitouse **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

**DÉCIMO PRIMEIRO:** Coa data do 20 de xaneiro de 1999 (rexistro de saída número 6.470 do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación **DON JUAN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**, con domicilio no lugar de **PORTO DOS LOBOS**, parroquia de **CHAO DE FABEIRO**, concello de **MONFORTE DE LEMOS**, a iniciación do expediente.

**DÉCIMO SEGUNDO:** Coa data do 1 de febreiro de 1999, recibíuse comunicación dos veciños da parroquia de **CHAO DE FABEIRO**, concello de **MONFORTE DE LEMOS**, na que como vocais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos:

**DON JUAN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.**

**DON LEOPOLDO CASTRO LÓPEZ.**

**DÉCIMO TERCEIRO:** Coa data do 10 de febreiro de 1999, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS**, na que se fai constar a **ANOTACIÓN PREVENTIVA** feita polo mesmo (predio número 29.414, folio 102, libro 285, concello de **MONFORTE DE LEMOS**, tomo 710 do arquivo, anotación letra A).

**DÉCIMO CUARTO:** Coa data do 12 de febreiro de 1999 (rexistro de entrada número 99/26.026), recibíuse escrito asinado polo solicitante

DON JUAN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, veciño da parroquia de CHAO DE FABEIRO, concello de MONFORTE DE LEMOS, no que manifesta que o enclave de 10 hectáreas conveniado polas comunidades de veciños de MAREXE e VILAMAIOR maila Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, sexa incluído tamén como monte veciñal en man común pertencente á comunidade de veciños da parroquia de CHAO DE FABEIRO, xa que o mesmo está ubicado dentro do perímetro parroquial. Tamén pide se lle informe en base a que normativa, documentación, etc. se realizou tal convenio.

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 17 de febreiro de 1999, aparece publicado o EDICTO no D.O.G. número 32, páxinas 1.802 e 1.803, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación dos montes " SERRA DE SAN MARTIÑO, SERRA PEQUENA e PORTO DOS LOBOS ".

DÉCIMO SEXTO: Coa data do 8 de marzo de 1999 (registro de entrada número 99/39.948), recibíuse certificación do concello de MONFORTE DE LEMOS, na que se fai constar que o EDICTO estivo exposto polo prazo de 30 días no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e na parroquia, sen que se presentara ningunha alegación.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Das parcelas que figuran no expediente de investigación previa (carpeta-ficha), as coñecidas polos nomes de " SERRA PEQUENA " (1 hectárea) e " PORTO DOS LOBOS " (19 hectáreas), non presentan aproveitamentos individualizados polo que revisten o carácter de veciñais en man común, cumprindo os requisitos do artigo 1 da citada Lei.

A parcela coñecida polo nome de " SERRA DE SAN MARTIÑO " (30 hectáreas), está ubicada sen dúbida ningunha na parroquia de CHAO DE FABEIRO, e case na súa totalidade está rodeada de predios particulares pertencentes á mesma parroquia. Destas 30 hectáreas, 10 foron convenidas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

coa comunidade de MAREXE e VILAMAIOR para o monte " SERRA DE MAREXE, VILAMAIOR e SERRA DE CUBAS " (2715732).

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñais en man común os montes das seguintes características:

Nome: " SERRA PEQUENA e PORTO DOS LOBOS".  
Pertenza: veciños da parroquia de Chao de Fabeiro.  
Superficie: 20 hectáreas.  
Concello: Monforte de Lemos.

Estremas e perímetros:

Parcela " SERRA PEQUENA " - 1 hectárea:

Norte: monte propiedade particular dos veciños de CHAO DE FABEIRO.  
Leste: monte propiedade particular dos veciños de CHAO DE FABEIRO.  
Sur: monte propiedade particular dos veciños de CHAO DE FABEIRO.  
Oeste: monte propiedade particular dos veciños de CHAO DE FABEIRO.

Esta parcela está situada na parte máis alta do promontorio coñecido polo mesmo nome.

Parcela " PORTO DOS LOBOS " - 19 hectáreas:

Norte: punto de encontro entre os camiños coñecidos como " Camiño tras da Serra " e " Camiño das Pedreiras ". Leste: " Camiño tras da Serra " e predios particulares de CHAO DE FABEIRO. Sur: predios particulares de veciños de CHAO DE FABEIRO, no lugar coñecido como "Alto do Papuxo". Oeste: predios particulares de veciños de CHAO DE FABEIRO, no lugar coñecido como "Campo do Val" e como "Pedreiras".


Por unanimidade acórdase deixar pendente para a próxima sesión do Xurado, a posible clasificación da parcela San Martiño, na que se atopa un encravado de 10 hectáreas conveniadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa comunidade dos lugares de Marexe

e Vilamaior, parroquia de Fiolleda, para os montes Serra de Marexe, Vilamaior e Serra de Cubas (2715732), e dirixirse ás dúas comunidades implicadas para que aporten documentación acreditativa da súa pertenza.



*[Handwritten signature and scribbles over the stamp]*

*[Handwritten signature]*



Lugo, febrero del 2000  
La Ingeniera Téc. Forestal

*[Handwritten signature]*

Fdo. : Pilar Vega Alonso

**XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.**

Expediente nº: 7/98.

*2da* **R E S O L U C I Ó N**

**PRESIDENTE:**

Don Luis González Vázquez.

**VOCALIS:**

Don Manuel Martínez Garrido.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don Emilio Sánchez Coto.

**SECRETARIO:**

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a catorce de xuño de dous mil, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 7/98 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte " **SERRA DE SAN MARTIÑO (parte sur)** ", no concello de **MONFORTE DE LEMOS**, iniciado por acordo do Xurado coa data do 26 de maio de 1998, sendo vocal instructor do mesmo **DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO**, e resultando os seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO:** Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 15 de xuño de 1998), iniciouse o expediente número 7/98 (por instancia de **DON JUAN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**, veciño da parroquia de **CHAO DE FABEIRO**, concello de **MONFORTE DE LEMOS**), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

**SEGUNDO:** Coa data do 14 de decembro de 1999, o Xurado Provincial acordou clasificar como veciñais en man común os montes " **SERRA PEQUENA** e **PORTO DOS LOBOS** ", pertencentes ós veciños da parroquia de **CHAO DE FABEIRO**, deixando pendente para a próxima sesión a clasificación da parcela " **SERRA DE SAN MARTIÑO** ", por atoparse nela un encravado de 10 hectáreas conveniadas pola Consellería de

Agricultura, Gandería e Montes, coa comunidade dos lugares de MAREXE e VILAMAIOR, parroquia de FIOLEDA, para os montes " SERRA DE MAREXE, VILAMAIOR e SERRA DE CUBAS " (2715732), e dirixirse ás dúas comunidades implicadas para que aporten documentación acreditativa da súa pertenza.

TERCEIRO: Coa data do 10 de xaneiro do 2000 (rexistro de saída número 2.372, do día 11 do mesmo mes e ano), comunicóuselle a DON JUAN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (solicitante da clasificación) o acordo adoptado e requiríuselle para que no prazo de 15 días aportase a documentación acreditativa da pertenza da devandita parcela.

CUARTO: Coa data do 10 de xaneiro do 2000 (rexistro de saída número 2.375, do día 11 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó presidente da xunta rectora do monte veciñal en man común " SERRA DE MAREXE, VILAMAIOR e SERRA DE CUBAS " o acordo adoptado e requiríuselle para que no prazo de 15 días aportase a documentación acreditativa da pertenza da mencionada parcela.

QUINTO: Coa data do 24 de xaneiro do 2000 (rexistro de entrada número 11.088), recibíuse escrito asinado por DON JUAN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (como representante da comunidade de CHAO DE FABEIRO), no que manifesta que a maior parte dos colindantes coa parcela " SERRA DE SAN MARTIÑO " son veciños da parroquia de CHAO DE FABEIRO e que a mesma está bastante máis próxima a este pobo que ó de MAREXE. Tamén manifesta que está ubicada dentro dos termos parroquiais de CHAO DE FABEIRO, que veñen delimitados polo río Xunqueira, figurando no inventario de bens municipais como ben comunal pertencente á parroquia de CHAO DE FABEIRO. Acompaña relación de parcelas colindantes coa denominada " SERRA DE SAN MARTIÑO ", declaracións asinadas polo párroco de CHAO DE FABEIRO así como por varios veciños desta parroquia, nas que confirman que esta parcela veu sendo aproveitada dende sempre na súa totalidade por esta comunidade, e croquis da parcela en cuestión.

SEXTO: Coa data do 31 de xaneiro do 2000 (rexistro de entrada número 15.212), recibíuse escrito asinado por DON ANTONIO ARIAS SOMOZA (presidente da xunta rectora do monte en man común " SERRA DE MAREXE, VILAMAIOR e SERRA DE CUBAS "), no que manifesta que a parcela " SERRA DE SAN MARTIÑO " é de procedencia foral e que ven sendo explotada dende tempo inmemorial polos veciños dos lugares de MAREXE e VILAMAIOR, polo que solicita se teña por acreditada a titularidade

da citada parcela. Acompaña fotocopias do libro de relacións forais da feligresía de SAN COSME DE FIOLEDA, outorgado en MONFORTE coa data do 22 de febreiro de 1750.

**SÉTIMO:** Coa data do 29 de marzo de 2000, o Xurado Provincial acordou aprazar para a próxima sesión a proposta de resolución correspondente á parcela " SERRA DE SAN MARTIÑO " (expediente 7/1998), ubicada na parroquia de CHAO DE FABEIRO do concello de MONFORTE DE LEMOS, para que a comunidade da devandita parroquia teña acceso ás alegacións presentadas pola comunidade dos lugares de MAREXE e VILAMAIOR, na parroquia de FIOLEDA do mesmo concello, que accedeu á documentación aportada pola comunidade da parroquia de CHAO DE FABEIRO e así dispor esta de igualdade de oportunidades.

**OITAVO:** Coa data do 9 de xuño de 2000 (registro de entrada número 100.067), recibíuse escrito asinado por DON JUAN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (como representante da comunidade de CHAO DE FABEIRO), no que manifesta que se reitera nas alegacións feitas anteriormente engadindo respecto ás manifestacións dos veciños de MAREXE e VILAMAIOR, que a titularidade do monte non ten porque coincidir co ámbito xeográfico da parroquia senón como agrupación veciñal na súa calidade de grupos sociais, que é falsa a plasmación que se fai sobre o terreo baseándose nos límites establecidos polo Catastro do Marqués da Ensenada levada a cabo no informe pericial aportado polos devanditos veciños e xunta como proba testifical a declaración de 10 veciños de VILALPAPE (aldea próxima á parcela Serra de San Martiño) e do párroco de CHAO DE FABEIRO, no que manifestan que a citada parcela ven sendo aproveitada dende tempo inmemorial polos veciños da parroquia de CHAO DE FABEIRO. Acompaña a seguinte documentación:

- relación de titulares catastrais de predios colindantes coa parcela " SERRA DE SAN MARTIÑO".
- informe pericial do enxeñeiro técnico agrícola DON ANTONIO LOMBARDÍA CRESPO.

Remata suplicando se dicte resolución favorable á comunidade que representa.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- A parte sur da parcela denominada " SERRA DE SAN MARTIÑO " está claramente ubicada dentro da parroquia de CHAO DE FABEIRO. Cumpre os requisitos do artigo 1 da citada Lei e polo tanto reviste o carácter de veciñal en man común.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

|             |                                          |
|-------------|------------------------------------------|
| Nome        | " SERRA DE SAN MARTIÑO (parte sur) ".    |
| Pertenza:   | veciños da parroquia de Chao de Fabeiro. |
| Concello:   | Monforte de Lemos.                       |
| Superficie: | 12,5 hectáreas.                          |

Estremas e perímetro:

Norte: parcela conveniada pola comunidade de Marexe e Vilamaior coa Xunta de Galicia, e predios particulares. Leste: predios particulares. Sur: predios particulares. Oeste: predios particulares.

Debido ás discrepancias existentes entrámbalas dúas comunidades afectadas, acórdase deixar pendente a clasificación da parte norte desta parcela, ata clarexa-la súa pertenza por medio de persoal técnico da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.



A handwritten signature, possibly 'José María', written over a circular stamp that is partially obscured by the signature.

A handwritten signature, possibly 'Luis', written over a horizontal line.



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

**CERTIFICO:**

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **4.6.2024**, figura o seguinte acordo:

Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na Disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o xurado, na reunión celebrada o 17.09.2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación.

**MVMC Serra Pequena, Porto dos Lobos e S<sup>a</sup> San Martiño Parte Sur** (exp. 7/98), pertencente aos veciños da parroquia Chao de Fabeiro, concello de **Monforte de Lemos**.

O 30.9.2022 tivo entrada unha solicitude da comunidade de Chao de Fabeiro para que se proceda á revisión do esbozo do seu monte veciñal conforme á proposta que achegan.

O 8.5.2024, o Servizo de Montes elaborou unha proposta co novo esbozo (nº **2022\_300**) na que se recolle que a superficie do monte **Serra Pequena, Porto dos Lobos e S<sup>a</sup> San Martiño Parte Sur** pasa a ser de **38,18 hectáreas**.

Examinada a devandita proposta, o xurado, por unanimidade, ACORDA aceptala e proceder á incorporación do novo esbozo ao expediente.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.

Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado  
Lucía Belver Quiroga


Visto e praxe  
A presidenta do xurado  
M<sup>a</sup> Olga Iglesias Fontal



Ashado por: GONZALEZ FERNANDEZ, MANUEL  
Cargo: Xefe Servizo  
Data e hora: 08/05/2024 21:14:49

Ashado por: FERNANDEZ CABANAS, JOSE MARIA  
Cargo: O enxeñeiro técnico forestal  
Data e hora: 08/05/2024 20:47:21

CVE: 020JHSB8c892  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Xefatura Territorial de Lugo  
Servizo de Montes

Plano de:

**Revisión de esbozo do MVMC "Serra Pequena, Porto dos Lobos e Serra de San Martiño" (exp. 7/98)**

*Carpeta 2022\_300*

Monte:

MVMC "Serra Pequena, Porto dos Lobos e Serra de San Martiño"

Pertenza:

CMVMC Chao de Fabeiro

Concello:

Monforte de Lemos

Sup. previa:

32,50 ha

Sup. revisada:

38,18 ha

Escala: 1:8.000

PLANO 2: MONTE REVISADO

Visto e prace

O xefe do Servizo de Montes

Manuel González Fernández

O enxeñeiro técnico forestal

Lugo, na data da sinatura dixital

José María Fernández Cabanas

7/98 Monte revisado